

ACTA DA XUNTANZA DO SECTOR DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE
GALICIA

En Santiago de Compostela, sendo as 17:00 horas do día 8 de Marzo de 2010, na sede do Consello Galego de Relacións Laborais, reunense as persoas a continuación sinaladas:

Parte empresarial:

Don Ignacio Pintos Clapés, Don José Luis Parada González, Don Miguel Seisdedos López, Dona Alba Costoya Novo, Dona Belén Pumares Gómez, Don Gonzalo Angueira Quintás, Don Amador Ribeiro Rodríguez, Don Agustín Martínez Rodríguez e Don José María Tutor.

Parte sindical:

Don Ramiro Nicolás Otero Rodríguez, Dona Teresa Pérez Pardo e Don Manuel González Pidre de FSC- CCOO de Galicia.

Don Ernesto Fontanes Blanco e Don Alejandro Expósito Alonso, de FES-UGT

Don Paulo Paio Rubido Barà e Don Xosé Lois Martín Freire, de CIG.

Asisten á xuntanza o Director Xeral de Relacións Laborais Don Odilo Martiñá Rodríguez e o Presidente do Consello Galego de Relacións Laborais, Don Demetrio Fernández López.

O motivo da xuntanza é desbloquear a negociación do convenio colectivo galego de instalacións deportivas, paralizado desde hai máis de un mes.. Logo das oportunas deliberacións e debate, ambas dúas partes, acordan que as premisas que regularán a redacción definitiva do convenio colectivo, son as seguintes:

1º **Vixencia** ata o 31 de Decembro de 2012.

2º **Xornada**. Reducir a 39 horas no ano 2010, e a 38 horas no ano 2012.

3º Distribución irregular da xornada. Eliminar a distribución irregular para os contratos inferiores a 30 horas semanais.

4º Incapacidade temporal. Abono do 85% a partir do cuarto día.

5º Salario. As táboas salariais quedan do seguinte xeito:

2010					
Grupo	Nivel	Salario	Plus TTE	PPP Extra	Sal Anual
Grupo 1	-	1.034,89 €	35,00 €	172,48 €	14.908,46 €
Grupo 2	1	952,71 €	35,00 €	158,79 €	13.757,94 €
	2	925,31 €	35,00 €	154,22 €	13.374,34 €
Grupo 3	1	843,13 €	35,00 €	140,52 €	12.223,82 €
	2	793,83 €	35,00 €	132,31 €	11.533,62 €
Grupo 4	1	762,02 €	35,00 €	127,00 €	11.088,28 €
	2	762,02 €	35,00 €	127,00 €	11.088,28 €
Grupo 5	-	762,02 €	35,00 €	127,00 €	11.088,28 €

2011					
Grupo	Nivel	Salario	Plus TTE	PPP Extra	Sal Anual
Grupo 1	-	1.083,62 €	40,00 €	180,60 €	15.650,68 €
Grupo 2	1	1.001,44 €	40,00 €	166,91 €	14.500,16 €
	2	974,04 €	40,00 €	162,34 €	14.116,56 €
Grupo 3	1	891,86 €	40,00 €	148,64 €	12.966,04 €
	2	842,56 €	40,00 €	140,43 €	12.275,84 €
Grupo 4	1	810,75 €	40,00 €	135,13 €	11.830,50 €
	2	810,75 €	40,00 €	135,13 €	11.830,50 €
Grupo 5	-	810,75 €	40,00 €	135,13 €	11.830,50 €

2012					
Grupo	Nivel	Salario	Plus TTE	PPP Extra	Sal Anual
Grupo 1	-	1.132,34 €	60,00 €	188,72 €	16.572,76 €
Grupo 2	1	1.050,16 €	60,00 €	175,03 €	15.422,24 €
	2	1.022,76 €	60,00 €	170,46 €	15.038,64 €
Grupo 3	1	960,58 €	60,00 €	160,10 €	14.168,12 €
	2	911,28 €	60,00 €	151,88 €	13.477,92 €
Grupo 4	1	879,47 €	60,00 €	146,58 €	13.032,58 €
	2	879,47 €	60,00 €	146,58 €	13.032,58 €
Grupo 5	-	879,47 €	60,00 €	146,58 €	13.032,58 €

6º Garantía "ad personam": As partes acordan que as premisas que regularán a definición da garantía "ad personam" na redacción definitiva do convenio colectivo, estableceranse en torno a tres bloques independentes, concretamente en xornada, IT e condicións económicas, de acordo cos seguintes parámetros:

- Xornada: Recollidas as condicións novas establecidas no Convenio en xornada (vacacións, licencias, permisos retribuídos, xornada anual, semanal, etc.), estas serán valoradas en cómputo anual e contrastadas coas que os traballadores e traballadoras tiveran con anterioridade a este convenio, e séndolle de aplicación as máis beneficiosas no seu conxunto.
- Situacións de IT: Recollidas as condicións novas establecidas no Convenio en situación de IT por calquera causa, estas serán valoradas en cómputo anual e contrastadas coas que os traballadores e traballadoras tiveran con anterioridade a este convenio, e séndolle de aplicación as máis beneficiosas no seu conxunto.
- Condicións económicas: Recollidas as condicións económicas novas establecidas no Convenio, estas serán valoradas en cómputo anual e contrastadas coas que os traballadores e traballadoras tiveran con anterioridade a este convenio, e séndolle de aplicación as máis beneficiosas no seu conxunto. Non obstante se aplicará a mesma estrutura retributiva e confección de nómina. A tódolos traballadores/as se lle aplicarán as táboas deste convenio e as cantidades por encima das mesmas, (calquera que sexa a súa natureza ou denominación), refundiranse nun único complemento cotizable a denominar "ad personam", de carácter compensable, absorbible e non revalorizable. Non obstante, se lles garantirá en todo caso un incremento económico para cada un dos anos de vixencia do convenio colectivo equivalente a unha porcentaxe da suba anual pactada en convenio colectivo, que varía en función dos ingresos e categorías conforme ás seguinte táboa:

TRAMOS GARANTIAS AD PERSONAM

1º TRAMO			
	desde		
GRUPO 1	14.908,50 €	16.820,50 €	42,5%
GRUPO 2	13.757,98 €	15.669,98 €	42,5%
GRUPO 3.1	12.223,86 €	14.135,86 €	42,5%
GRUPO 3.2	11.533,66 €	13.445,66 €	42,5%
GRUPO 4 Y 5	11.088,32 €	13.000,32 €	42,5%

[Handwritten signatures and initials on the left margin]

[Handwritten signatures and initials on the right margin]

[Handwritten signatures and initials at the bottom of the page]

2º TRAMO			
	desde	hasta	
GRUPO 1	16.820,50 €	23.320,50 €	40%
GRUPO 2	15.669,98 €	22.169,98 €	40%
GRUPO 3.1	14.135,86 €	20.635,86 €	40%
GRUPO 3.2	13.445,66 €	19.945,66 €	40%
GRUPO 4 Y 5	13.000,32 €	19.500,32 €	40%

3º TRAMO			
	desde	% sobre el incremento del 7%	
GRUPO 1	23.320,50 €	en adelante	20%
GRUPO 2	22.169,98 €	en adelante	20%
GRUPO 3.1	20.635,86 €	en adelante	20%
GRUPO 3.2	19.945,66 €	en adelante	20%
GRUPO 4 Y 5	19.500,32 €	en adelante	20%

7º Suspensión da folga: A parte sindical asume o compromiso nesta acta de suspender a folga que se ven desenvolvendo desde o 1 de Febreiro de 2010, reincorporándose mañá día 9 de Marzo de 2010 todos os traballadores e traballadoras aos seus postos de traballo. No caso de que algún traballador ou traballadora non puidera ser avisado, e polo tanto non se incorporara á súa hora, non será sancionado.

8º Reanudación da mesa negociadora: Para poñer fin ao proceso negociador, a mesa de negociación, celebrará unha xuntanza o martes 16 de Marzo de 2010.

9º Non será sancionado ningún traballador/a polo exercicio legal do dereito da folga.

Todo o anteriormente recollido adquirirá validez definitiva no momento de sinatura do convenio colectivo.

E non tendo mais asuntos que tratar, levantase a xuntanza sendo as 23:59 horas no lugar e data arriba sinalados, asinandose por duplicado a presente acta polas partes en proba de conformidade.

[Handwritten signatures and initials on the left margin, including 'U.G.T.' and 'JGT']

[Handwritten signatures and initials on the right margin, including 'CC-OO' and 'H-Telescopio']

[Handwritten signatures and initials at the bottom of the page, including 'CC-OO', 'H-Telescopio', and '16']